

A IMPORTANCIA DA BIOSEGURIDADE NAS GRANXAS EXTENSIVAS DE PORCINO



Dende a diseminación e detección do virus da peste porcina africana (PPA) por primeira vez en varios países durante os últimos anos, o risco de entrada en calquera outro país aumenta. Por este motivo é fundamental que todos os países nos protexamos para evitar a entrada do virus. O sangue e outras secrecións corporais (ouriños, leite, seme etc.) poden conter partículas víricas infectivas para un gran número de animais. Así podemos expoñer que o virus poida entrar nunha granxa, sexa intensiva ou extensiva, de forma directa ou indirecta, a partir do contacto de porcos sans coas secrecións comentadas anteriormente.

JORDI BALIELLAS CAPDEVILA

Veterinario coordinador da Área de Sanidade Animal de Interporc

TRANSMISIÓN POR CONTACTO DIRECTO

No caso de transmisión por contacto directo dende animais sans con animais infectados, sexan porcos ou xabarís, en produción semiextensiva ou extensiva, evitar o contacto con xabarís é fundamental.

Dos programas de monitorización de fauna salvaxe a nivel estatal coñecemos que en varias zonas de España nos atopamos con xabarís portadores de axentes como o virus de Aujeszky, a *Brucellasuís*, o *Mycoplasma hyopneumoniae* ou a *Salmonella spp.*

En países onde se detectou por primeira vez a presenza do virus da peste porcina africana aumentáronse as medidas de prevención en explotacións extensivas polo risco de contacto directo. É frecuente en países con primeiras deteccións en xabarís que a transmisión a granxas extensivas sexa factible se o nivel de bioseguridade é insuficiente. Para evitar o contacto directo, é importante dispoñer de valado perimetral en condicións óptimas e é moi recomendable un dobre valado para minimizar aínda máis o risco.

TRANSMISIÓN POR CONTACTO INDIRECTO

O contaxio por contacto indirecto prodúcese pola entrada de materiais contaminados e o posterior contacto cos animais da granxa. Se focalizamos en granxas cun sistema de produción parecido ao do Porco Celta, o risco concentraríase en alimentos, vestimentas e calzado do persoal da granxa e, finalmente, noutros materiais procedentes do exterior. No caso de alimentos, en todas as rexións onde se detecta a presenza do virus da PPA se prohíbe o uso de forraxes ou doutros produtos herbáceos para alimentar os porcos xa que, se son producidos en zonas con posible presenza de xabarís infectados, estes alimentos poden conter secrecións corporais destes animais.

Ao mesmo tempo, operacións realizadas polos propios traballadores da granxa, como a recolección de cogomelos, a caza ou a tala de árbores en zonas boscosas con presenza de xabarís infectados, pode facer que a roupa ou o calzado queden contaminados polas secrecións de animais infectados presentes no medio. Se

posteriormente non existe un cambio de roupa e calzado ao acceder á granxa, pode facer que os porcos contacten co virus por unha mala bioseguridade ao entrar na explotación.

Fallos na bioseguridade poden provocar que se introduzan na granxa enfermidades de declaración obrigatoria como a peste porcina africana, a febre aftosa ou a enfermidade de Aujeszky, que ocasionarían graves perdas en todo o país, pero existen outras enfermidades provocadas por axentes patóxenos como o virus do PRRS, o *Mycoplasma hyopneumoniae* ou o *Brachyspira hyodisenteriae* que, aínda que non son de declaración obrigatoria, si que ocasionan graves perdas nas granxas pola enfermidade que xeran.

Debemos preocuparnos se nas nosas granxas non se aplican as medidas de bioseguridade adecuadas, aínda que é moito máis importante que pasemos de preocuparnos a ocuparnos de corrixir as deficiencias detectadas para dispoñer dunhas granxas bioseguras ao máximo nivel.